



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Informe final de avaliación da oferta presentada no procedemento para a contratación administrativa do servizo de mantemento do programa de xestión parlamentaria

Con data de 4 de agosto de 2016 a Mesa do Parlamento de Galicia acordou aprobar os pregos e a apertura da fase de adxudicación desta contratación, mediante un procedemento negociado sen publicidade cun único empresario por razóns de exclusividade.

O 5 de setembro de 2016 foi remitida a preceptiva invitación á empresa Indra sistemas, S.A. que, rematado o prazo concedido, presentou a súa oferta no Rexistro do Parlamento o 12 de setembro de 2016 co nº 52332.

Logo de analizado o contido do sobre A da empresa concorrente, realizados os trámites oportunos, e comprobado que reunía os requisitos esixidos, foi admitida a seguir no procedemento de contratación.

Os sobres “B” e “C” foron remitidos ao Servizo de Tecnoloxías da Información para o seu estudo e avaliación que, á vista a oferta presentada manifesta, mediante informe de 19 de setembro, que cumpre co mínimo esixido no prego de prescricións técnicas, non ofrecendo ningunha mellora.

De conformidade co establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o 4 de outubro de 2016 se constituíu no Pazo do Parlamento a Comisión negociadora, que se encargaría de desenvolver a fase de negociación coa empresa licitadora; Comisión formada por:

- F. Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- Pedro Vila López, xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- José Ramón de la Fuente Rodríguez, administrativo do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Á vista do informe do Servizo de Tecnoloxías a Comisión negociadora acordou, conforme ao establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas, invitar á empresa concorrente a que mellorara os termos da súa oferta.

A empresa licitadora foi invitada a negociar mediante escrito de 4 de outubro de 2016 (registro de saída nº 18), indicando os criterios de negociación recollidos no punto 16 do cadro de especificacións que podían ser obxecto de negociación:

- redución do prezo. será elemento de negociación o delimitar, en base ás condicións técnicas establecidas e requisitos esixidos no PPT, as solucións que permitan obter o menor prezo posible a partir do orzamento máximo de licitación.
- incremento do número de horas ofertadas. neste servizo se definen un número de horas mínimo a ofertar pola empresa para a realización dos traballos, a partir das que se establecerá unha negociación que permita dispoñer dun maior número de horas dentro do servizo de mantemento e así alcanzar unha oferta económica máis vantaxosa.
- redución do prezo por hora. por último, se define o prezo por hora, de xeito que no caso de non consumir todas as horas ofertadas, só se aboarán ao adxudicatario as horas consumidas, polo prezo por hora ofertado.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Rematado o prazo concedido a empresa Indra sistemas, S.A. presentou escrito (registro nº 38) no que mantén inalterables os termos da súa inicial oferta.

Polo tanto, á vista de que o informe do Servizo de Tecnoloxías da Información de 19 de setembro acredita que, aínda que non inclúe ningunha mellora, a oferta da empresa licitadora cumpre os requirimentos mínimos esixidos nos pregos, a Comisión negociadora propón á Mesa do Parlamento de Galicia que requira a Indra Sistemas, S.L. a documentación da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas e proceda, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016.

F. Javier Freire González	Pedro Vila López	José Ramón de la Fuente
---------------------------	------------------	-------------------------